

Plantilla memoria xustificación económica de **Grado en Filoloxía Aplicada Galega e Española**

Universida_{de}Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

1. Persoal Académico

1.1 PDI da titulación

Os cálculos realízanse coa situación de cadro de persoal para o curso 2025-2026. Tendo en conta as modificacións que introduciu a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario na dedicación do profesorado universitario e as restricións realizadas aos recoñecementos docentes, que quedan en mans de cada universidade, e á espera de normativa específica e da súa consolidación, tivemos en conta as dedicacións establecidas pola LOSU (240 horas para CU, TU, PPL e Lector, 180 horas para AXD e substitutos e 120 horas para asociados).

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
Vigo	CU	17.3	100	18.44
Vigo	TU	48	100	51.06
Vigo	TEU	1.4	0	1.42
Vigo	CD/PPL	6.7	100	7.1
Vigo	AXD	8	100	6.4
Vigo	Asociados	2.7	50	1.4
Vigo	Substituto	10.6	50	8.5
Vigo	Lectores	5.3	25	5.7

TÁBOA 1.2

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers.	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Total	Parcial			
UVigo	CU	13	Permanente	9	4	13	54	51
UVigo	TU	36	Permanente	19	17	36	107	107
UVigo	TEU	1		1			5	
UVigo	CD/PPL	5	Permanente	3	2	5	12	10
UVigo	AXD	6	Temporal	3	3	6	6	
UVigo	Asociados	2	Temporal	1	1	1		
UVigo	Substituto	8	Temporal	6	2	4		
UVigo	Lectores	4	Temporal	2	2	1		

A vinculación coa universidade pode ser: Permanente, Temporal, Permanente de centro adscrito, Temporal de centro adscrito, Non vinculado.

Ademais das táboas 6.1 e 6.2, poderase incorporar información adicional sobre o profesorado. Por exemplo, si se imparten materias obrigatorias en inglés, pódese facer mención o % de profesorado que está acreditado para impartir docencia en inglés ou táboas co nº de profesorado asociado por categoría cos anos de experiencia docente.

En previsión de que a modalidade virtual acade un número importante de estudantes, é necesaria a realización de certa previsión. Neste caso, e tendo en consideración as políticas actuais de contratación, tanto da Universidade de Vigo como da Xunta de Galicia e do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, probablemente non será necesaria a contratación unha vez remate o plan de actuación para a contratación de profesorado axudante doutor Maria Goyri e se vaia xestionando a saída de prazas a través do Contrato Programa cos departamentos da Universidade de Vigo e a execución da OPE correspondente aos anos 2025, 2026 e 2027 (e sucesivos anos ata a implantación completa da modalidade virtual).

TÁBOA 1.1:

Cadro de novo profesorado necesario				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %

1.2 Outros recursos humanos

A Universidade de Vigo establece unha dotación de postos de traballo destinados aos aspectos técnicos, de xestión e de administración e servizos que cobren as necesidades dos centros, cuxa relación de postos de traballo pode consultarse no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pas/postos-organizacion>). A Facultade de Filoloxía e Tradución conta na actualidade cun cadro de PTXAS axeitado ás necesidades do centro. Este persoal garante o funcionamento diario dos servizos administrativos, a atención ao estudantado e da biblioteca, o soporte informático e técnico, así como o mantemento de infraestruturas e equipamentos e a xestión económica.

Este persoal participa activamente na organización do centro mediante os seus órganos de representación, contribuíndo á mellora das condicións de traballo e á calidade dos servizos. Grazas ao seu labor, a facultade dispón en condicións optimas das aulas equipadas, dos laboratorios de idiomas, interpretación e multimedia, das salas de informática con software especializado, dos espazos de estudo e biblioteca, asegurando una contorna axeitada para a formación filolóxica e tradutolóxica do alumnado.

A este persoal debe engadirse aquel que forma parte de UvigoTV (<https://tv.uvigo.es>), pois é o que se encarga do mantemento técnico das aulas virtuais ás que nos referiremos máis adiante e que se atopan aloxadas no Campus Remoto da Universidade de Vigo (<https://campusremotouvigo.gal>).

A continuación incluímos o cadro deste persoal vencellado ao funcionamento da Facultade de Filoloxía e Tradución na que se integra o Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española.

Outros recursos humanos disponíveis (PAS: Secretaría, Conserxería, etc...)				
Categoría	Experiencia en el posto (años)	Tipo de vinculación con la universidade	Dedicación	Antigüidade na universidade
XEFE/A DO NEGOCIADO DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS	16/06/2025	PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO	TEMPO COMPLETO	23/06/2023
XEFE/A DO NEGOCIADO DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS	28/06/2017	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	16/04/2000
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ASUNTOS XERAIS	20/01/2025	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	23/06/2012
XEFE/A DA ÁREA DE ESTUDOS DE MESTRADO E DOUTORAMENTO	28/06/2017	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	31/05/1993
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ESTUDOS DE MESTRADO E DOUTORAMENTO	28/06/2017	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	25/02/1999
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ESTUDOS DE MESTRADO E DOUTORAMENTO	01/09/2023	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	20/02/2004
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ESTUDOS DE MESTRADO E DOUTORAMENTO	28/06/2017	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	24/04/1992
XEFE/A DA ÁREA DE ESTUDOS DE GRAO	28/06/2017	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	19/08/1992
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ESTUDOS DE GRAO	01/09/2023	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	19/06/1999
POSTO BASE	23/12/2024	PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA	TEMPO COMPLETO	28/02/2008
CONSERXE	01/11/2022	PERSOAL FUNCIONARIZADO	TEMPO COMPLETO	28/02/1997
AUXILIAR DE SERVIZOS	24/02/2025	PERSOAL FUNCIONARIZADO	TEMPO COMPLETO	28/02/2013

AUXILIAR DE SERVICIOS	01/11/2022	PERSOAL FUNCIONARIZADO	TEMPO COMPLETO	24/12/1996
AUXILIAR DE SERVICIOS	02/02/2026	PERSOAL FUNCIONARIZADO INTERINO	TEMPO COMPLETO	02/09/2016
AUXILIAR DE SERVICIOS	23/12/2024	PERSOAL FUNCIONARIZADO	TEMPO COMPLETO	15/11/2004

2 Recursos materiais e servizos

Actualmente a Facultade de Filoloxía e Tradución conta con recursos materiais e servizos adecuados e suficientes para o desenvolvemento das actividades formativas planificadas na titulación. Dispónse, ademais, dos medios audiovisuais necesarios para a docencia virtual (sets de gravación, software para a edición multimedia, aulas con cámara e micrófono, etc.). O conxunto de medios vinculados coa actividade docente presencial detállase a continuación.

2.1 Espazos dispoñibles

A Universidade de Vigo e a Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT) contan cunha dotación en infraestruturas, equipamentos docentes, aulas e laboratorios de primeiro nivel, perfectamente axustados e actualizados para o pleno desenvolvemento das actividades previstas en todas as titulacións que se imparten na actualidade na Facultade e, concretamente, para a docencia do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española tanto na súa vertente presencial coma virtual.

Ademais, nos seus orzamentos anuais, a Universidade de Vigo ten en conta a dotación para laboratorios docentes de todos os seus centros e establece a distribución dos fondos atendendo, entre outros parámetros, ao número de estudantes por laboratorio e á aposta dos centros pola innovación didáctica e tecnolóxica. A partida orzamentaria que recibe a Facultade de Filoloxía e Tradución para a renovación e o mantemento de laboratorios sitúase arredor dos 20.000 € anuais, o que permite a modernización, mantemento e mesmo ampliación, de ser necesaria, destes recursos materiais para adaptalos ás necesidades cambiantes de formación dos nosos graos e mestrados. Estes fondos permitirán, tamén, invertir en software específico, de ser necesario, para articular a docencia da modalidade virtual deste grao.

Por outra banda, a facultade cumpre a lexislación vixente en canto a accesibilidade e deseño para todos, segundo o disposto na lexislación vixente. A este respecto, dispón de rampas de acceso aos diferentes pavillóns, aulas con adaptación de postos para persoas con discapacidade, ascensores nalgúns das plantas que non teñen acceso a través das ramplas, ramplas de acceso exteriores, varandas de seguridade e servizos adaptados.

O procedemento para a xestión dos recursos materiais e dos servizos regúlase no SIGC e pode consultarse en: <http://sdfft.webs5.uvigo.es/images/docs/calidade/procedementos/IA01.pdf>

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO GRANDE		
DESCRICIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Aulas de gran capacidade, máximo de 104 estudantes	Utilízanse para clases maxistras, normalmente de carácter teórico, impartidas a grupos grandes (que na Universidade de Vigo non superan os 100 estudantes), así como para a realización de exames, probas escritas e orais, presentacións de estudantes e conferencias e proxeccións.	104 estudantes *Aula ASE: 81 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	9 aulas de grande capacidade dotadas de ordenador central para o profesorado, canón de vídeo, pantalla e sistema de son, e están cableadas para que o estudantado poida cargar alí os seus portátiles e conectarse á rede a través do sistema wifi dispoñible na FFT. 8 destas aulas están dotadas con micrófono e cámara e, polo tanto, preparadas para a docencia híbrida e virtual	
Aula de	A1, A2, A3, B1, B2, C1, C2, C3, ASE	
Laboratorio		

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO MEDIANO		
DESCRICIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Aulas de capacidade media, máximo de 72 estudantes	Utilízanse para as clases maxistras de grupos medianos, exames, probas escritas e orais, presentacións de estudantes e conferencias e proxeccións. Tamén nas sesións prácticas de grupos de tamaño mediano.	72 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	Trátase de 5 aulas de capacidade media (72 postos), todas elas dotadas de ordenador central, canón de vídeo, son e cableado para portátiles. As aulas A5 e B5 teñen, ademais, cámara e micrófono. Están preparadas, pois, para a docencia híbrida e virtual.	
Aula de	A5, A6, B5, C5 e C6	
Laboratorio		

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO MEDIANO-PEQUENO		
DESCRICIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE

Aulas de capacidade media, máximo de 50 estudantes	Utilízanse para clases maxistras de grupos pequenos, normalmente de carácter práctico, exames, probas escritas e orais, presentacións de estudantes e conferencias e proxeccións.	50 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	Son 5 aulas dotadas de ordenador central, canóns de vídeo, son e cableadas para que o estudantado poida utilizar alí os seus portátiles.	
Aula de	A7, B7, B8, C7, B8	
Laboratorio		

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO PEQUENO		
DESCRIBIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Aulas de pequena capacidade	Utilízanse para clases maxistras de grupos pequenos, exames, probas escritas e orais, presentacións do estudantado e conferencias e proxeccións.	A8: 32 A9: 24 A4A: 24 A4B: 24 B9: 32 B4A: 24 B4B: 30 B6A: 24 B6B: 20 C4A: 24 (máis un posto para persoas con discapacidade) C4B: 30 (máis un posto para persoas con discapacidade)
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	Aulas dotadas de ordenador central, canóns de vídeo/pantalla de TV, son e cableadas para que o estudantado poida utilizar os seus portátiles. A B6B conta, tamén, con cámara e micrófono. Está preparada, pois, para a docencia híbrida e virtual.	
Aula de	A4A, A4B, A8, A9, B4A, B4B, B6A, B6B, B9, C4A e C4B	
Laboratorio		

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO SEMINARIO		
DESCRIBIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Aulas de pequena capacidade	A docencia que se imparte aquí é de tipo seminario, e tamén se realizan nelas exames, probas escritas e orais e presentacións de estudantes en grupos reducidos.	15 estudantes

DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	<p>11 aulas dotadas de ordenador central, canóns de vídeo/pantalla de TV, son e cableadas para que o estudantado poida utilizar os seus portátiles. Unha delas (B13) está dotada de pizarra dixital.</p> <p>A11, A12, B13, C11, C13: teñen cámara, televisión e micrófono. Están preparadas, pois, para a docencia híbrida e virtual.</p> <p>As aulas C11 e C14 teñen, tamén, pantalla táctil.</p> <p>A aula B11 é unha sala cun croma para a realización de gravacións. Esta aula poderá ser utilizada para a grabación de vídeos formativos para a docencia virtual.</p>
Aula de	A11, A12, A13, B11, B12, B13, B14, C11, C12, C13 e C14
Laboratorio	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO LABORATORIO		
DESCRIBIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Laboratorio de idiomas	Laboratorios dixitais para a formación nas destrezas orais propias da aprendizaxe de linguas: escoita e comprensión oral, produción do discurso, conversa en grupos, fonética e pronuncia, etc.	24 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	3 laboratorios de idiomas con 24 cabinas semipechadas provistas de gravadora dixital e auriculares con micrófono incorporado. A unidade do profesorado inclúe ordenador central, dobre pantalla, disco duro de alta capacidade para a recollida de gravacións, sistema de intercomunicación co estudantado, canón de vídeo e pantalla, monitor de TV e megafonía externa, ademais de sistema interno de intercomunicación co estudantado.	
Aula de		
Laboratorio	Laboratorio de Idiomas A10, B10 e C9	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO LABORATORIO		
DESCRIBIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Laboratorios de Interpretación simultánea	Están orientados principalmente á práctica da IS, se ben as súas características permiten que sexan tamén utilizados para a formación práctica en calquera das destrezas propias da formación oral en linguas (fonética, produción/recepción do discurso oral, conversa).	IS1: 24 estudantes IS2: 12 estudantes IS3: 20 estudantes IS4: 22 estudantes

<p>DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)</p>	<p>2 laboratorios dixitais.</p> <p>2 laboratorios analóxicos con sistemas profesionais de IS.</p> <p>S1 é un laboratorio dixital que ten 24 postos de traballo en 20 cabinas pechadas (16 individuais e 4 dobres). Cada unha das cabinas ten unha gravadora dixital que permite a recollida inmediata dos materiais de traballo na aula. A unidade central do profesorado inclúe un laboratorio dixital plenamente operativo, dúas pantallas de vídeo, canón e monitor de TV. A docencia que se imparte aquí é exclusivamente práctica, incluída a realización de exames e probas orais do estudantado.</p> <p>IS2 é un laboratorio analóxico equipado con sistemas profesionais de IS. Ten 12 postos de traballo en 6 cabinas pechadas dobres. Cada unha das cabinas ten unha gravadora dixital que permite a recollida inmediata dos materiais de traballo na aula. A unidade central do profesorado inclúe un sistema analóxico plenamente operativo, dúas pantallas de vídeo, canón e un monitor de TV. A docencia que se imparte aquí é exclusivamente práctica, incluída a realización de exames e probas orais do estudantado.</p> <p>IS3 é un laboratorio analóxico equipado con sistemas profesionais de IS. Ten 20 postos de traballo en 12 cabinas pechadas dobres. Cada unha das cabinas ten unha gravadora dixital que permite a recollida inmediata dos materiais de traballo na aula. A unidade central do profesorado inclúe un sistema analóxico plenamente operativo, dúas pantallas de vídeo, canón e dous monitores de TV. A docencia que se imparte aquí é exclusivamente práctica, incluída a realización de exames e probas orais do estudantado.</p> <p>IS4 é un laboratorio dixital de última xeración e ten 22 postos de traballo en 11 cabinas pechadas dobres, unha das cales está totalmente adaptada ás necesidades de estudantes que precisen o uso de cadeira de rodas. Cada unha das cabinas ten unha gravadora dixital que permite a recollida inmediata dos materiais de traballo na aula. A unidade central do profesorado inclúe un laboratorio dixital plenamente operativo, tres pantallas de vídeo, canón e un monitor de TV. A docencia que se imparte aquí é exclusivamente práctica, incluída a realización de exames e probas orais do estudantado.</p>
<p>Aula de</p>	
<p>Laboratorio</p>	<p>Laboratorios de Interpretación Simultánea 1, 2, 3 e 4</p>

<p>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE</p>		
<p>AULA – TIPO LABORATORIO</p>		
<p>DESCRICIÓN XENÉRICA</p>	<p>USO HABITUAL</p>	<p>CAPACIDADE</p>

Laboratorio de Audiovisual	Emprégase habitualmente para a docencia de materias relacionadas co mundo multimedia. Tamén podería utilizarse para gravar vídeos formativos para a docencia virtual.	10-12 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		Trátase dun laboratorio audiovisual de última xeración que está dotado cun sistema profesional de dobraxe (pantalla, ordenador, micrófonos, auriculares). Está insonorizado e permite a gravación de vídeos formativos, para o que está dotado cun croma e unha cámara portátil. Tamén está dotado con todo o software necesario tanto para a docencia relativa a contidos multimedia como para a xeración de material multimedia para a docencia.
Aula de		
Laboratorio	Laboratorio Audiovisual	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO INFORMÁTICA		
DESCRICIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Aulas de informática	A docencia aquí impartida é fundamentalmente práctica, se ben tamén se imparten algunhas leccións teóricas. Realízanse, igualmente, exames e presentacións do estudantado.	C10: 24 N17: 24 N9: 50
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		3 aulas de uso docente dotadas de canón/pantalla de TV, son e ordenadores fixos.
Aula de	Aulas de Informática C10, N17 e N9	
Laboratorio		

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO GRAVACIÓN		
DESCRICIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Set de grabación multimedia	Grabación de vídeos formativos	Non aplica
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		Trátase dun set de gravación, un espazo deseñado para a gravación multimedia que se atopa nas dependencias do Instituto de Investigación Lingua, na Facultade de Filoloxía e Tradución. Este espazo conta con croma, cámara, iluminación e software de edición multimedia.

Aula de	Set de grabación
Laboratorio	

Todos os espazos docentes da Facultade de Filoloxía e Tradución, sen excepción, contan con **xemellos virtuais** aloxados no Campus Remoto da Universidade de Vigo, incluídos os laboratorios de interpretación simultánea. Isto supón que a Facultade de Filoloxía e Tradución está, pois, totalmente preparada para a docencia en liña nunha titulación que pretende ter unha modalidade virtual. Ademais, todo o profesorado ten un despacho virtual individual no que pode levar a cabo as titorías e outras actividades docentes. Todos estes espazos virtuais poderanse utilizar para a realización, na modalidade virtual do grao, das clases virtuais síncronas, as presentacións de estudantes, as conferencias, xornadas e proxeccións e as titorías. Estes espazos virtuais pódense consultar no seguinte enlace: <https://campusremotouvigo.gal> e permiten o uso da cámara e o micro por parte do estudiantado e do profesorado, compartir pantalla e presentacións, chat, gravación das sesións ou de vídeos formativos. Ademais conteñen unha caixa de arquivos para almacenar as sesións ou os vídeos formativos (tamén en formato descargable) e están integrados con Moodle, a través da plataforma de teledocencia Moovi da Universidade de Vigo (<https://moovi.uvigo.gal>).

A todo isto haberá que unir outros espazos de uso xenérico non docente da Facultade: Sala de Xuntas e Salón de actos, que tamén contan con xemellos dixiais. A biblioteca tamén permite o acceso a todos os seus recursos electrónicos (libros, revistas etc.) tanto desde dentro da Universidade ou mediante conexión remota (<https://biblioguias.uvigo.gal/guia-acceso-remoto>).

En resumo, a Facultade de Filoloxía e Tradución conta coas infraestruturas necesarias para garantir o desenvolvemento do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española tanto en modalidade presencial como virtual. Dispón dun amplo conxunto de aulas de diferentes capacidades, todas elas equipadas con ordenador, sistemas de proxección, son e conexión á rede, que permiten a docencia maxistral, seminarios, sesións prácticas e a realización de probas de avaliación. Ademais, a facultade conta con laboratorios de idiomas dixitais e analóxicos dotados de cabinas individuais e dobres, sistemas de gravación e intercomunicación, que facilitan a formación práctica nas destrezas orais, na fonética, na produción e análise do discurso e na interpretación.

Así mesmo, existen espazos audiovisuais específicos, como laboratorios multimedia e sets de gravación equipados con croma, cámaras e software profesional, que permiten a formación en contidos dixitais e a creación de materiais docentes. Estas infraestruturas complétanse cunha rede estable de conexión wifi, sistemas de videogravación e equipamentos que posibilitan a docencia síncrona e asíncrona. En conxunto, estas dotacións tecnolóxicas e docentes garanten unha formación de calidade, adaptada ás esixencias actuais do ensino superior, tanto en formato presencial como virtual.

2.2 Novos espazos necesarios

A modificación do título non require da dotación de novos espazos, xa que a Facultade de Filoloxía e Tradución e a Universidade de Vigo dispoñen de todas as infraestruturas físicas e virtuais necesarias para a impartición da docencia tanto presencial como virtual.

2.3 Novos equipamentos necesarios

A provisión de novos recursos materiais e técnicos, no caso de resultaren necesarios, realizarase con cargo ao orzamento xeral do Centro e da Universidade, consonte os procedementos

ordinarios de planificación, execución e control do gasto establecidos pola normativa económica e de xestión da Universidade de Vigo. Na actualidade, e á vista da dispoñibilidade existente, considérase que non é precisa a incorporación de recursos adicionais específicos para garantir o correcto desenvolvemento da actividade docente, agás o que se consignará máis adiante, co fin de garantir a seguridade na realización dalgunhas probas de avaliación na modalidade virtual.

A Facultade conta cunha dotación suficiente de infraestruturas e equipamentos para asegurar a impartición das ensinanzas en modalidades presencial, semipresencial e non presencial. Entre estes recursos inclúense, como vimos no apartado anterior, medios audiovisuais e conexión dixital, laboratorios de idiomas e de interpretación, aulas de informática con software especializado para a formación filolóxica, espazos de traballo colaborativo e unha biblioteca con fondos bibliográficos, hemerográficos e electrónicos adecuados ás necesidades das titulacións.

Así mesmo, a Universidade dispón dunha plataforma institucional de teledocencia (Moovi) coa plataforma Moodle, coa contorna virtual máis recente, que garante o soporte tecnolóxico necesario para a docencia en liña, a xestión de contidos, a avaliación continua e a comunicación co estudantado. Ademais, os servizos audiovisuais universitarios (UVigo Televisión) permiten a gravación, edición e difusión de materiais docentes, facilitando a virtualización de contidos e a súa accesibilidade a través dos medios dixitais corporativos, o que garante que calquera necesidade para a docencia virtual sexa resolta. Compre salientar neste senso, que, como xa foi indicado, todas as aulas da Facultade de Filoloxía e Tradución teñen un xemelgo dixital dentro dun campus virtual (<https://campusremotouvigo.gal/>) que permite a docencia en liña e a gravación de docencia e de recursos multimedia formativos; trátase de 49 aulas virtuais xenéricas, 4 laboratorios de interpretación simultánea virtuais e 3 laboratorios de idiomas virtuais. Estes serán un lugar virtual moi axeitado para o ensino virtual da competencia oral das linguas instrumentais do grao. Ademais, cada profesor ten un despacho virtual individual que permite a titorización online. Aínda que a capacidade destes espazos virtuais está limitada nun primeiro momento a entre 50 e 100 persoas en función do/a despacho/aula, pódese ampliar ao número necesario no caso de que a matrícula para a docencia virtual supere esta capacidade inicial.

En conxunto, a dotación actual de recursos humanos, materiais e tecnolóxicos considérase axeitada e suficiente para dar cobertura ás necesidades docentes, organizativas e de xestión do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española tanto na súa modalidade presencial como na súa modalidade virtual, cumprindo, así cos estándares de calidade establecidos pola Universidade.

Dito isto, é necesaria a adquisición de novo equipamento (software) co fin de asegurar a garantía da identificación do estudantado e a integridade académica no proceso de avaliación. Neste sentido, entendemos que será necesario adquirir sistemas de supervisión remota de exames que sexan capaces de verificar a identidade, monitorizar de xeito audiovisual, controlar a contorna do dispositivo (software activo durante o proceso; bloqueo do navegador, control de segunda pantalla), e rexistrar todo o proceso de avaliación; tamén deberá ter a posibilidade de adaptación para necesidades específicas. Na actualidade existen solucións baseadas en Intelixencia Artificial con moitas vantaxes, que entendemos que crecerán co paso do tempo ata o inicio da implantación da modalidade virtual no grao (curso 2027-2028). Ademais, este sistema deberá ser compatible coa plataforma virtual Moodle.

Neste punto deberase ter en consideración o cumprimento da normativa de protección de datos vixente, a accesibilidade tecnolóxica do estudantado, e o estudo de alternativas de avaliación (avaliación continua sen exames que esixan unha gran infraestructura, exames orais, proxectos, traballos tutelados, etc.).

Por outra banda, o custo destas solucións é variable en función de se a solución está baseada en licenza institucional ou pago por exame. Entendemos que a solución máis vantaxosa para a Universidade, tendo en conta que no futuro haberá máis graos e mestrados con modalidade virtual e que xa existe un grao en modalidade virtual (Grao en Dirección e Xestión Pública), varios

mestrados (Mestrado Interuniversitario en Ensino de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua (na Facultade de Filoloxía e Tradución e unha das saídas naturais do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española); Mestrado en Tradución Multimedia; Mestrado en Comercio internacional; Mestrado en Dirección Pública e Liderado Institucional; Mestrado en Dirección de PEMES) e diversos títulos propios e microcredenciais, entre os que se inclúen algúns da Facultade de Filoloxía e Tradución (Experto en Escritura e reescrituras literarias da Idade Media, Experto en Interpretación simultánea profesional, Experto en Interpretación Simultánea de Voz a Texto (inglés-español), Diploma de estudos de posgrao en Corte e poesía no outono da Idade Media en Castela, Microcredencial en Teoría e práctica do verso dramático., Microcredencial Curso de coordinación de acceso).

NOVO EQUIPAMENTO		
DENOMINACIÓN E NÚMERO DE UNIDADES	DESCRICIÓN XENÉRICA	CUSTO APROXIMADO
Sistema de supervisión remota de exames (proctoring dixital)	O <i>proctoring</i> ou supervisión remota de exames agrupa un conxunto de tecnoloxías destinadas a garantir a identidade do estudiantado e a integridade académica durante probas realizadas en liña.	10000-25000€/ano en función do custo da licenza por prestacións e por empresa subministradora.

O plan de estudos debe prever unha dotación suficiente de equipamento e infraestruturas, tanto nas universidades participantes como nas institucións colaboradoras, xustificando a súa adecuación os obxectivos formativos. En concreto, se deben identificar e describir os recursos materiais e servizos clave do Título que se propón (laboratorios, aulas e equipamentos especiais, bibliotecas específicas...) sinalando os mecanismos para seu mantemento, revisión e actualización. Nos casos nos que haxa varios centros propios e/ou adscritos débense sinalar os recursos e servizos dispoñibles para cada un deles.

En todo caso, se deben observar os criterios de accesibilidade universal e deseño para todos, segundo o disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.